



Axencia Tributaria de Galicia: servizo de cita previa

I. CONSIDERACIÓN XENÉRICAS

Segundo o Protocolo de medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía aprobado por Resolución do 27 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade de diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 25 de abril de 2020 (DOG 80-Bis) para evitar aglomeracións e poder garantir unha adecuada prestación do servizo público coa máxima protección da saúde dos traballadores e dos cidadáns, a Atriga habilita un servizo de cita previa para realizar diversos trámites de forma presencial.

O calendario de citas abrirase de forma progresiva.


Nestes intres os trámites para os cales se poderá solicitar cita previa son os de:

- Presentación de modelos 600, 620, 650 y 651
- Información sobre algún expediente existente nos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (TRA), sucesións e doazóns (SUC/DOA), compravenda de vehículos usados (VEH), patrimonio (IP), xogo e impostos medioambientais.
- Información sobre algún expediente existente en recadación e solicitar certificado de ausencia de débedas.

Para solicitar información xeral dalgún imposto ou de recadación deberá chamar aos teléfonos que se indican na páxina web da Atriga (<http://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/informacion-ao-contribuinte>).

Para os trámites de información sobre algún expediente existente, o interesado ten a opción de poder indicar se considera que pode ser atendido de xeito telefónico, de tal forma que, tras indicar o día e hora na que quere ser atendido, un funcionario chamarao por teléfono para darlle a información solicitada. Para este tipo de trámites, a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figurará no documento emitido pola administración sobre o que quere información (ver imaxe seguinte).

Exemplo de CSV (figura na parte inferior do documento en horizontal):





Exemplo de CVE (figura na marxe do documento en vertical):

CVE: DJFCbGn2rW8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

Un mesmo usuario que desexe solicitar dúas citas no mesmo día deberá deixar entre ámbalas dúas, a lo menos, 60 minutos de diferenza.

O día da cita, non debe presentarse na oficina de atención con máis de 5 minutos de antelación á hora da cita e deberá levar o xustificante da mesma para que o persoal de control de accesos lle permita o acceso ao edificio. O usuario deberá portar o seu documento de identidade que deberá coincidir co que figure no xustificante da cita.

Deberanse seguir as medidas de protección ás que fai referencia o Protocolo de medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200427/2292/AnuncioG0244-270420-2_gl.html) e a Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200718/AnuncioC3KI-170720-2_gl.html). Estas medidas son as seguintes:

- O acceso ás oficinas de atención ao público se realizará de xeito individual.
- Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, excepto cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- Deberase manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros cos demais usuarios e co persoal de atención ao público.
- O tempo de permanencia dos usuarios no interior da oficina non pode superar os 15 minutos.



- Ao entrar no edificio deberase realizar unha adecuada hixiene das mans, empregando auga e xabón ou unha solución hidroalcohólica.
- O público visitante non poderá empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

2. CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

2.1. DEPENDENDO DA OFICINA XESTORA OS TRÁMITES PARA OS QUE SE PODE SOLICITAR CITA PREVIA SON OS SEGUINTE:

- a) Nas Delegacións de A Coruña, Ourense, e Vigo pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Vehículos. Presentación Modelo 620
 - Transmisións. Presentación Modelo 600
 - Sucesións/Doazóns. Presentación Modelos 650/65 I
 - Información expediente existente (SUC/DOA/TRAVEH/)
- b) Na Delegación de Pontevedra pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Vehículos. Presentación Modelo 620
 - Transmisións. Presentación Modelo 600
 - Sucesións/Doazóns. Presentación Modelos 650/65 I
 - Información expediente existente (TRAVEH)
 - Informacións expediente existente (SUC/DOA)
- c) Na Delegación de Lugo pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Transmisións/Vehículos. Presentación Modelos 600/620
 - Sucesións/Doazóns. Presentación Modelos 650/65 I
 - Información expediente existente (TRAVEH)
 - Informacións expediente existente (SUC/DOA)
- d) OLDH de Santiago pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Información e presentación Modelos 600/620 (TRAVEH)
 - Información e presentación Modelos 650/65 I (SUC/DOA)
- e) Nas oficinas que se relacionan de seguido pódese pedir cita para un trámite xenérico denominado Información e presentación de Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650,65 I,600,620).
 - OLDH de A Coruña: Betanzos, Carballo, Ferrol, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Pontedeume.
- f) Nas oficinas que se relacionan de seguido pódese pedir cita para un trámite xenérico denominado presentación Sucesións, Doazóns, Transmisións e Vehículos (modelos 650,65 I,600 e 620)
 - ODH de Pontevedra: A Estrada e Vilagarcía de Arousa.



- g) No resto das OLDH e ODH indicárase un número de teléfono para solicitar cita previa.
- h) En Servizos Centrais da Atriga pódese pedir cita para os seguintes trámites:
 - Información expediente existente Imposto Patrimonio.
 - Información expediente existente Xogo e Impostos Medioambientais.

2.2. O DETALLE DOS TRÁMITES, CITADOS NO NÚMERO ANTERIOR, É O SEGUINTE:

- a) **Vehículos. Presentación Modelo 620:** se desexa presentar o modelo 620 coa súa correspondente documentación.
- b) **Transmisións. Presentación Modelo 600:** se desexa presentar o modelo 600 coa súa correspondente documentación.
- c) **Sucesións/Doazóns. Presentación Modelos 650-651:** se desexa presentar os modelos 650/D650 ou 651 coa súa correspondente documentación.
- d) **Transmisións/Vehículos. Presentación Modelos 600/620:** os mesmos requisitos que os descritos nos apartados a) e b) anteriores.
- e) **Presentación Sucesións, doazóns, transmisións e vehículos:** os mesmos requisitos que os descritos nos apartados a), b) e c) anteriores.

Recorde que, para todos os trámites relacionados anteriormente, **deberá acudir co modelo cuberto**, que poderá confeccionar a través da Oficina Virtual Tributaria ou adquirilo nos distintos estancos autorizados a tal efecto no ámbito de cada Delegación da Atriga ou nas Oficinas de Distrito Hipotecario e, no seu caso, coa cota tributaria ingresada nunha entidade colaboradora.

Pode consultar os estancos autorizados no seguinte enlace <http://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/modelos-e-formularios/modelos-de-autoliquidacion-de-impuestos/oficinas-de-distrito-hipotecario-e-estancos-autorizados/estancos>

Se desexa información sobre a confección dos modelos, pode chamar aos teléfonos de información que se indican na páxina web da Atriga (<http://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/informacion-ao-contribuinte>)

- f) **Información sobre expediente existente en algún dos impostos xestionados pola Atriga:** se desexa acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento ou obter información sobre algunha actuación realizada por parte da administración sobre un expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figurará no documento emitido pola administración sobre o que quere información.

2.3. TRÁMITE DE RECADACIÓN

- a) **Información sobre expediente existente en recadación:** se desexa acudir a un trámite de audiencia, a un requirimento ou obter información sobre algunha actuación realizada por parte da administración sobre un expediente en curso. Para este tipo de trámite a aplicación requiriralle un código seguro de verificación (CSV) ou código de verificación electrónica (CVE), segundo corresponda, que figura na documento emitido pola administración sobre o que quere información.

A cita previa para este trámite poderase solicitar en todas as delegacións así como en Servizos Centrais da Atriga.



b) *Solicitar certificado de ausencia de débedas.*

É necesario para este trámite mostrar o DNI e no caso de que se solicite en nome doutra persoa, o poder que lle outorga a representación e a fotocopia do DNI do outorgante.

A cita previa para este trámite poderase solicitar na Delegación de Coruña e Servizos Centrais da Atriga. No caso das delegacións de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo indicaráselles un teléfono para solicitar a cita previa.

2.4. REALIZARASE A SOLICITUDE DUNHA CITA POR CADA FEITO IMPOÑIBLE E TRÁMITE.

Exemplo 1: no caso dunha sucesión dun mesmo causante na que existan varios suxeitos pasivos e polo tanto varios modelos 650 bastará con solicitar unha única cita.

Exemplo 2: dúas persoas adquiren un inmovible suxeito ao imposto de transmisións patrimoniais, polo tanto teñen que presentar dous modelos 600, pero só terán que solicitar unha cita.